

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CONTROL AEROBIOLÓXICO DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

- Que o Conselleiro de Sanidade formalizou o día 16 de abril de 2025 coa Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido, que terá vixencia a contar dende o día seguinte ao da data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2028.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo, *“establecer as condicións polas que se rexerá a cooperación entre a Consellería de Sanidade e a UVIGO para a prestación do apoio técnico e desenvolvemento das actividades relacionadas co control aerobiolóxico de Galicia.”*

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que:

“Que na última década se levou a cabo a monitorización do pole presente na atmosfera galega, tanto por motivos sanitarios como medioambientais para coñecer a dinámica das partículas. Como resultado dos convenios anteriores creouse a Rede Galega de Aerobioloxía, que conta cunha serie de captadores de control aerobiolóxico que permiten a elaboración de mapas, informes e predicións do contido polínico atmosférico na Comunidade Autónoma Galega. Este convenio ven a posibilitar que se siga avanzando nos estudos e coñecemento de este eido, dando así continuidade ao texto anterior, cuxa vixencia se estendeu dende 2021 ata 2024.”

“Que a UVIGO ten interese en continuar con este proxecto, porque posibilita que os membros do grupo de investigación implicado realicen estudos importantes para completar algúns eidos das súas liñas de investigación e permitirá establecer relacións epidemiolóxicas con resultados obtidos previamente polo referido grupo de investigación.”

“Ambas institucións están interesadas en manter unha cooperación nestes ámbitos específicos, xa que os resultados que se obteñan permitirán ampliar o coñecemento sobre a distribución polínica da atmosfera galega e a dinámica das partículas que é moi importante a nivel sanitario.”

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.